

NORMATIVA E INSTRUCIÓNS

Instrución 1/2024

A **renda neta per cápita familiar** obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do **exercicio 2023**:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
 2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.
- Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

recadro 435 + recadro 460 - recadro 595

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar (definido na normativa do IRPF).

Concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1. - No caso de matrimonio: A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.

b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

2. - En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1), no caso de custodia compartida computar os 2.

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, no constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación



existente o día 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo. Tampouco formarán parte da unidade familiar o membro que falecera durante o período impositivo.

- **Nas parellas de feito que reúnan os requisitos** anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1) **formarán unha unidade familiar.** O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida. Polo tanto, o proxenitor que na súa declaración da renda sinala ao alumno usuario de servizo como membro da súa unidade familiar é o que debe figurar nos rexistros de comedor como declarante ou responsable do mesmo a efectos de cálculo da renda per cápita.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que *sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar.* Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- **Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF.**

Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas dos recadros indicados, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente - que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- **Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración.**

Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas dos recadros indicados, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes dos recadros correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes dos recadros correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.

Pagamento dos prezos públicos.

- Satisfarase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.
- Presentarán no centro o xustificante de "pagamento para a Administración" validado pola entidade bancaria.
- Igualmente, as persoas interesadas poderán utilizar a oficina virtual tributaria <https://www.conselleriadefacenda.gal/es/servizos-e-tramites/listaxe-servizos/taxas-prezos-multas-e-sancions/pago-telematico-de-taxas-e-prezos> para realizar os pagamentos de xeito telemático. Os que opten por esta vía deberán presentar no centro, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de pagamento correspondentes.
- **Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes, no prazo establecido, impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar.**